



### CONCELLOS

#### BARREIROS

##### Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 16 de decembro de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 5º bimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no BOP durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 16 de decembro de 2024 ata o 16 de febreiro de 2025.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 16 de decembro de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 4064

#### BURELA

##### Anuncio

### CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DA UAD. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 13.2 das xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 (BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022) faise público que mediante Decreto de Alcaldía nº 2024-1259 de data 13/12/2024 resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos como Traballador/a Social da Unidade Asistencial de Drogodependencias, grupo A-subgrupo A2, xornada a tempo completo, da seguinte persoa aspirante:

María Teresa Lanza Méndez \*\*\*9461\*\*,

A formalización do preceptivo contrato laboral deberá producirse, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Burela, 16 de decembro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 4065

## CHANTADA

### *Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada , na sesión do día 05/12/2024 acordou aprobar inicialmente a modificación das tarifas do servizo de auga e sumidoiros, coa conseguente modificación das ordenanzas correspondentes.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días , na Secretaría deste Concello , periodo durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 11 de decembro do 2024.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 4066

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 11/12/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a outubro 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a outubro do 2024 terá lugar neste municipio dende o día 12 de decembro de 2024 ata o día 11 de febreiro de 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 11 de decembro de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 4067

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 03/12//2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes anovembro2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes novembro 2024 terá lugar neste municipio dende o día 4 de decembro de 2024 ata o día 3de febreiro de 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

---

Chantada, 5 de decembro de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 4068

---

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 27/11/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga , sumidoiros , lixo e canón de auga correspondentes ao 5º bimestre do exercicio 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 16 de decembro de 2024.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 4069

---

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 04/12/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a novembro 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a novembro 2024 terá lugar neste municipio dende o día 5 de decembro de 2024 ata o día 4 de febreiro 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 5 de decembro de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 4070

---

**MURAS**

*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía 2024-0508, foi aprobado o PADRÓN PAI -XUÑO 2024.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

---

Muras, 9 de outubro de 2024.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 4071

---

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía 2024-0601, foi aprobado o PADRÓN PAI -XULLO 2024.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 30 de outubro de 2024.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 4072

---

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía 2024-0500, foi aprobado o PADRÓN SAF - MAIO 2024, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 24 de outubro de 2024.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 4073

---

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía 2024-0666, foi aprobado o PADRÓN SAF - XUÑO 2024, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 26 de novembro de 2024.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 4074

---

## O PÁRAMO

### Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 2/12/2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **NOVEMBRO** de 2024, polo importe total de **3.555,64€**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 4075

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### Anuncio

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE NOVEMBRO DE 2024**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 14 de novembro de 2024 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de novembro de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de novembro de 2024: 2.935,56 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xaneiro de 2025 e o 01 de marzo de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 16 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 4076

## RIBADEO

### Anuncio

#### **Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa sobre Caixeiros Automáticos e Máquinas Expendedoras de Produtos para o exercicio 2024 e apertura do período de cobramento.**

Por Decreto desta Alcaldía de data 26 de novembro de 2024, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

Padrón da taxa sobre Caixeiros Automáticos e Máquinas Expendedoras de Produtos, para o exercicio 2024, polo importe de once mil seiscentos corenta e sete euros (11.647,00 €).

Expónse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 15 de decembro de 2024 e o 17 de febreiro de 2025, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 16 de decembro de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 4077

### Anuncio

**Secretaría Xeral.**

**Expte. Núm. 3344/2024**

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-**

Visto expediente tramitado para provisión de un posto de Chófer de rozadora.

Vistas as solicitudes formuladas para a participación nas probas selectivas, durante o prazo regulamentario establecido ao efecto.

#### **RESOLVO:**

1º. Prestar aprobación á seguinte listaxe de **persoas admitidas e excluídas** no proceso selectivo:

#### **ADMITIDOS/AS**

<b>Apelidos e nome</b>	<b>Obraservacións / Idioma Galego</b>
Martínez Pérez, Juan José	Aporta CELGA
González Fernández, Severino Diego	Aporta CELGA
Barrera Goas, Francisco	Aporta CELGA

#### **EXCLUÍDOS/AS**

**Ningún**

2º.- Outorgar prazo para reclamacións por dez días a contar desde a publicación desta Resolución no BOP de Lugo.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica, do que eu Secretario en funcións dou fe.

Ribadeo, 16 de decembro de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez. O Secretario, José A. Carro Asorey.

R. 4078

**VIVEIRO***Anuncio*

CONVOCATORIA PÚBLICA ABERTA A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE TÉCNICO/A XURÍDICO/A DE URBANISMO, DIRECTOR/A DO DEPARTAMENTO, SERVIZO DE URBANISMO.

Tendo en conta a necesidade urxente e inaprazable da cobertura temporal do posto de Técnico/a Xurídico/a de Urbanismo, Director/a do Departamento, co fin de manter o normal funcionamento do Servizo de Urbanismo do Concello de Viveiro, tal e como consta acreditado no informe do Servizo de Recursos Humanos,

**RESOLVE APROBAR A SEGUINTE CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DO POSTO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos, a través dun proceso aberto a todas as administracións públicas, do posto de traballo vacante Técnico/a Xurídico/a de Urbanismo, Director/a do Departamento, Servizo de Urbanismo, coas características seguintes segundo a Relación de Postos de Traballo do Concello de Viveiro:

- denominación: Técnico/a Xurídico/a de Urbanismo, Director/a do Departamento.
- relación emprego: funcionario
- referencia posto: SX5.0/023
- subgrupo de titulación: A1
- nivel de CD: 26
- importe anual CE: 25,125,66 euros
- escala: Administración Xeral
- subescala: Técnica .
- titulación requirida: Licenciatura en dereito
- forma de provisión: concurso de méritos

**SEGUNDO.-** As solicitudes dirixiranse á Excm. Alcaldía do Concello de Viveiro e presentaranse de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, por el que se aproba o “Reglamento de actuación y funcionamiento del sector público por medios electrónicos” e normativa de concordante aplicación.

Os solicitantes deberán posuír a condición de funcionario de carreira e reunir os requisitos establecidos para o desempeño do posto de traballo, nos termos da normativa vixente e segundo a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Viveiro. Como queira que os participantes, de conformidade co establecido no artigo 14.2 Lei 39/2015, de 1 outubro teñen a consideración de obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, deberán presentar a solicitude na sede electrónica do Concello de Viveiro, <https://viveiro.sedelectronica.es>, durante un prazo de **5 días hábiles** contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude conterà, cando menos, os datos persoais do/da solicitante, dirección, número de teléfono fixo/móbil, enderezo de correo electrónico, xunto cunha copia do DNI en vigor.

As solicitudes deberán acompañarse ademais, das certificacións e documentos xustificativos dos requisitos esixidos na presente convocatoria, así como da documentación referente aos méritos que se alegan, que se relacionan a continuación:

- Certificación ou documentación xustificativa expedida pola Administración de procedencia acreditativa de que o aspirante en cuestión é funcionario de carreira.
- Documentación xustificativa da titulación esixida para o desempeño do posto: Licenciatura en Dereito.
- Declaración responsable que conteña relación individualizada de méritos, formación e traxectoria profesional en postos de similar natureza, entendéndose por postos de similar natureza os postos de traballo nos que se desempeñasen funcións como xurídico no Servizo de Urbanismo nunha Administración Pública.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais o estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala correspondente.

- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá a aportación da documentación obxecto de presentación durante o prazo de presentación de instancias.

Con carácter previo á toma de posesión temporal do posto, mediante comisión de servizos, o/a aspirante seleccionado/a deberá presentar a documentación xustificativa dos méritos alegados na delcaración responsable, así como informe favorable da Administración de orixe.

\* Os/as empregados públicos ao servizo do Concello de Viveiro non terán que presentar a documentación que estea en poder do Concello (artigo 53 da Lei 39/2015).

**TERCEIRO.-** Unha vez recibidas as solicitudes serán valoradas por unha Comisión, composta pola Secretaria Xeral ou funcionario/a que a substitúa, Interventora Xeral ou funcionario/a que a substitúa e Responsable do Departamento de Persoal ou funcionari/a que o substitúa a fin de que se emita informe motivado e proposta de elección, indicando os fundamentos que xustifiquen a elección a favor do/da candidato/a respecto aos/ás demais participantes, todo en base a criterios obxectivos de maior experiencia e formación relacionada coas funcións do posto de traballo segundo constan descritas na vixente RPT, constituíndo criterios de selección a maior experiencia e formación relacionados co posto. En consecuencia a elección deberá recaer no/a aspirante con maior experiencia e formación relacionados co posto, primando a experiencia sobre a formación e valorando en maior medida a experiencia, no seu caso, no posto ao que se opta (tendo en conta o coñecemento das normas de planeamento municipais), a continuación en postos con funcións idénticas ou similares noutro municipio de Galicia (tendo en conta que o coñecemento da lexislación autonómica en materia urbanística) e finalmente a experiencia en postos con funcións en materia de urbanismo noutras administracións públicas.

Valorarase a experiencia e formación relacionada na solicitude.

A valoración a seguir para a experiencia será a seguinte:

Puntuación por mes completo traballado no posto ao que se opta: 1 punto por mes.

Puntuación por mes completo traballado noutro posto con funcións idénticas ou similares noutra entidade local de Galicia: 0,60 puntos por mes.

Puntuación por mes completo traballado en postos con funcións en materia de urbanismo, Grupo A subgrupo A1 ,noutras administracións públicas: 0,40 puntos por mes.

A valoración a seguir para a formación será a seguinte:

Puntuación por cursos relacionados coas funcións propias do posto, realizados nos últimos 10 anos: 0,10 por hora. Únicamente se puntuarán cursos de formación impartidos ou recoñecidos por Admnsitracións Públicas, Universidades, Colexios Profesionais ou Centrais Sindicais.

No suposto de empate acudirase ao criterio de antigüidade na Administración,

Os cursos sobre informática, prevención de riscos, linguaxe admnsitrativas, linguaxe non sexista, prevención do acoso, igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas, serán tidos en conta de forma transversal nos méritos de formación.

**CUARTO.-** A resolución da comisión de servizos quedará condicionada á remisión pola Administración de orixe de informe favorable, así como á presentación por parte do/a aspirante seleccionado/a da documentación xustificativa dos méritos relacionados. Unha vez recibido o informe e presentada a documentación acreditativa dos méritos, e polo tanto, resolta a convocatoria, a toma de posesión do/da candidato/a seleccionado/a deberá producirse no prazo de tres días hábiles, desde a notificación do acordo no suposto de que a comisión non implique cambio de residencia do/da funcionario/a; si implica cambio de residencia, o prazo será de quince días hábiles.

**QUINTO.-** A duración da comisión de servizos será a necesaria para cubrir durante o período transitorio que transcorra ata a convocatoria da provisión definitiva do posto vacante “Técnico/a Xurídico/a de Urbanismo, Director/a do Departamento”; todo en base á inaprazable e urxente necesidade xustificada na convocatoria para o normal funcionamento dos servizos administrativos, e en todo caso coa duración máxima de **1 ano** prorrogable por outro nos termos do marco normativo de aplicación.

**SEXTO.-** Dispoñer que se proceda á súa provisión definitiva polos procedementos legalmente establecidos, mediante a correspondente convocatoria polo sistema que resulte procedente.

**SÉTIMO.-** Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, web do Concello de Viveiro e Taboleiro de anuncios e edictos dixital.

Coa advertencia de que contra a resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, se poderá interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no



prazo de 2 meses, nos supostos, términos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se interpuxo o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 13 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D<sup>a</sup> María Luz Balsa Rábade.

R. 4043

### Anuncio

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Proposta do Tribunal e a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal, dos procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de tres prazas de “**MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA**”, persoal laboral fixo, contemplando segundo as calificacións obtidas por cada un dos/as aspirantes, a seguinte orde de puntuación:

#### B) CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS (Base Xeral 13) :

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	LÓPEZ VILLARES VERÓNICA	48,660
2	FRAGA PEDREIRA DAVID	39,100
3	ESQUERDEIRO CABARCOS LUCIA	35,000
4	MARTÍNEZ LÓPEZ SIRA	34,620
5	ESCUREDO DIEZ ALBERTO	30,040
6	FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	29,660
7	LORENZANA RIVAS ALEXIS	20,980

Con base nas prazas convocadas e na orde de puntuación obtida, estableceuse a seguinte orde de aspirantes non seleccionados:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	MARTÍNEZ LÓPEZ SIRA	34,620
2	ESCUREDO DIEZ ALBERTO	30,040
3	FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	29,660
4	LORENZANA RIVAS ALEXIS	20,980

Tramitado o proceso selectivo ata a súa conclusión, co nomeamento de Dna. Verónica López Villares, D. David Fraga Pedreira e Dna. Lucía Esquerdeiro Cabarcos, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade as tres das prazas vacantes “**MONITOR/A DEPORTIVO SOCORRISTA**” na Escala Escala Administración Especial, Subescala Técnica do Concello de Viveiro e resoltos os recursos interpostos contra a Resolución da Alcaldía de aceptación da proposta do tribunal, non afectando a resolución dos recursos interpostos á resolución do proceso no que atinxe aos aspirantes seleccionados, e tampouco á orde de aspirantes non seleccionados que compoñen a lista de emprego, que non resulta modificada, afectando unicamente aos meses de experiencia computados a unha das aspirantes, publícase a modificación das puntuacións e cualificacións finais, quedando co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	MESES A1	MESES A2	MESES A3	MESES A4	MESES A5	TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL OUTROS MÉRITOS	TOTAL PUNTUACIÓN
LÓPEZ VILLARES VERÓNICA	87	0	4	0	64	28,660	20,000	* 48,660
FRAGA PEDREIRA DAVID	83	0	6	0	0	19,100	20,000	* 39,100
ESQUERDEIRO CABARCOS LUCIA	66	0	5	0	0	15,220	20,000	* 35,220
MARTÍNEZ LÓPEZ SIRA	47	3	0	0	28	14,620	20,000	* 34,620
ESCUREDO DIEZ ALBERTO	24	0	34	0	0	10,040	20,000	* 30,040
FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	35	0	0	0	14	9,660	20,000	* 29,660
LORENZANA RIVAS ALEXIS	0	0	7	0	0	0,980	20,000	* 20,980

A orde de puntuación non se ve alterada polo resultado das resolucións dos recursos presentados, quedando sen alteración, pero si con variación na puntuación obtida por unha das aspirantes, quedando coa seguinte orde de puntuación:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	LÓPEZ VILLARES VERÓNICA	48,660
2	FRAGA PEDREIRA DAVID	39,100
3	ESQUERDEIRO CABARCOS LUCIA	35,220
4	MARTÍNEZ LÓPEZ SIRA	34,620
5	ESCUREDO DIEZ ALBERTO	30,040
6	FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	29,660
7	LORENZANA RIVAS ALEXIS	20,980

Viveiro, 13 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4044

### Anuncio

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Proposta do Tribunal e a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal, dos procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup> da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “ENCARGADO/A DA BRIGADA DE PARQUES E XARDINS”, persoal laboral fixo, contemplando segundo as calificacións obtidas por cada un dos/as aspirantes, a seguinte orde de puntuación:

#### B) CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS (Base Xeral 13) :

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	REY GARCÍA FRANCISCO JOSÉ	45,180
2	YÁÑEZ DEL RÍO LUCIA	39,800

3	CHAO FERNÁNDEZ MOISÉS	24,720
4	DOCE FOJÓN EMILIO JOSÉ	20,000
5	MARIÑO SALGUEIRO ADRIÁN	20,000
6	MARTÍN LESTEGAS ISABEL	20,000
7	RODRIGUEZ GUERREIRO ANA	20,000
8	GONZÁLEZ CASAL LAURA	2,360
9	NEBRIL RODRÍGUEZ ALBA	2,250
10	MARIÑO BOUZA DAVID	0,500

Con base nas prazas convocadas e na orde de puntuación obtida, estableceuse a seguinte orde de aspirantes non seleccionados:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	YÁÑEZ DEL RÍO LUCIA	39,800
2	CHAO FERNÁNDEZ MOISÉS	24,720
3	DOCE FOJÓN EMILIO JOSÉ	20,000
4	MARIÑO SALGUEIRO ADRIÁN	20,000
5	MARTÍN LESTEGAS ISABEL	20,000
6	RODRIGUEZ GUERREIRO ANA	20,000
7	GONZÁLEZ CASAL LAURA	2,360
8	NEBRIL RODRÍGUEZ ALBA	2,250
9	MARIÑO BOUZA DAVID	0,500

Tramitado o proceso selectivo ata a súa conclusión, co nomeamento de Dna. Lucía Yáñez Del Río, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT "ENCARGADO/A DA BRIGADA DE PARQUES E XARDINS" (OP0.2/151) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais do Concello de Viveiro e resoltos os recursos interpostos contra a Resolución da Alcaldía de aceptación da proposta do tribunal, non afectando a resolución dos recursos interpostos á resolución do proceso no que atinxe ao aspirante seleccionado, pero si á orde de aspirantes non seleccionados que compoñen a lista de emprego, que resulta modificada, polo que se publica a modificación da orde de aspirantes non seleccionados que conforman a lista de emprego, conforme ao resultado da orde da lista de emprego derivado da estimación de recurso, e resolución do proceso, de conformidade co disposto no base xeral 14.4 e 14.5, quedando os aspirantes non seleccionados na seguinte orde:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	MARIÑO SALGUEIRO ADRIÁN	29,940
2	CHAO FERNÁNDEZ MOISÉS	24,720
3	DOCE FOJÓN EMILIO JOSÉ	20,000
4	MARTÍN LESTEGAS ISABEL	20,000
5	RODRIGUEZ GUERREIRO ANA	20,000
6	GONZÁLEZ CASAL LAURA	2,360
7	NEBRIL RODRÍGUEZ ALBA	2,250
8	MARIÑO BOUZA DAVID	0,500

Viveiro, 13 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4045

### Anuncio

EXPEDIENTE: 1063/2023

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art.2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do xoves, 26 de xaneiro de 2023, Núm. 22, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “**TÉCNICO/A DE ARQUIVO**”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “**TÉCNICO/A DE ARQUIVO**”, funcionario de carreira.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 19 de novembro de 2024, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

**SEGUNDO.-** Aceptar a proposta do Tribunal a favor de Don José María Fernández Prieto, como **aspirante seleccionado**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “**TÉCNICO/A DE ARQUIVO**” (SX6.3/036) na Escala Administración Xeral, Subescala de Xestión, como funcionario de carreira.

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(…) **14. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

#### **14.1 Órgano competente.**

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 13.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días

*hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.*

#### **14.2. Publicación.**

*A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.*

#### **14.3. Remate do proceso selectivo.**

*A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.*

### **15. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.**

#### **15.1. Prazo.**

*A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.*

#### **15.2. Falta de toma de posesión.**

*De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.*

#### **15.3. Requisitos.**

*O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato..."*

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que o aspirante seleccionado presentou a documentación en tempo e forma que se requeria no punto 13 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Nomear a *Don José María Fernández Prieto*, como funcionario de carreira para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT "TÉCNICO/A DE ARQUIVO" (SX6.3/036) na Escala Administración Especial, Subescala Técnica do Concello de Viveiro.

